

XUNTA
DE GALICIA Saída 1312918 / RX 1583674
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 14/09/2022 14:11:50



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE AMPLIA AS DATAS DE EXTRACCIÓN DE NAVALLA NA RESOLUCION PARA EXTRACCIÓN DE SOLÉNIDOS CON TÉCNICAS DE MERGULLO ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE CAMARIÑAS E MUXÍA DURANTE O MES DE SETEMBRO

ANTECEDENTES

- 1 O 31.08.2022, esta Xefatura Territorial resolveu autorizar á confrarías de pescadores de Muxía e Camariñas, a extracción de navalla (*Ensis arcuatus*) e longueirón (*Ensis siliqua*) con mergullo en apnea ou semiautónomo durante o mes de setembro. Para a navalla se limitaban as datas solicitadas a 10 días do 1 ao 14 de setembro, cun tope reducido de 15 kg por mergullador/día.
- 2 Con data 12.09.2022 a confraría achega modificación/mellora da solicitude inicial para que se aumente o tope a 20 kg e as datas de extracción durante a segunda quincena de setembro, para a navalla.
 - 2 Recíbense os seguintes informes:
 - Informe da bióloga de zona do 31.08.2022, e do 13.09.2022 favorable ao solicitado excepto para os días 29 e 30 de setembro, que quedan condicionados a resultados de seguimento técnico durante o período do 15 ao 28 de setembro; e que establece o tope de navalla en 10 kg. mergullador/día.
 - Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 26.08.2022.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro, e tendo en conta todo o anterior RESOLVO:

Ampliar as datas e modificar o tope de extracción de navalla con técnicas de mergullo ás confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía quedando os apartados afectados, tal como segue:

Datas extracción longueirón: 15,16,19,20,21,22,23,26,27,28,29 e 30 de setembro.

Datas extracción navalla: 15,16,19,20,21,22,23,26,27 e 28 de setembro. (non se autorizan os 29 e 30 de setembro, que quedan condicionados a resultados de seguimento técnico)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





Topes de captura: (mergullador enrolado e a bordo/día):

- Longueirón: 20 kg
- **Navalla: 10 kg**
- Conxunto (navalla e longueirón): 20kg

O resto dos puntos da resolución de 31.08.2022 permanecen sen variación.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle ás confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

